



ROGO SOBRE A ROZA E MANTEMENTO DO VIAL QUE COMUNICA A CORREDOIRA DOS MUÍÑOS CO CARME DE ABAIXO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha representación da veciñanza do barrio de San Lourenzo tenlle feito chegar ao Grupo Municipal Popular o seu malestar pola tardanza do Concello en acometer os labores de roza no vial que se inicia na Corredoira dos Muíños, no seu entronque coa rúa da Carballeira de San Lourenzo e que continúa en paralelo coa canle do Sarela pola rúa da Barreira, a rúa da Ribeira de San Lourenzo e o Rueiro das Figueiriñas, ata rematar nas proximidades da ponte e igrexa do Carme de Abaixo.

Nunha recente visita ao lugar puidemos comprobar, tal e como se aprecia nas fotografías que se acompañan, que as queixas dos veciños están plenamente xustificadas, posto que as silvas, herbas e fentos inzan en boa parte do trazado, chegando a estreitar en moitos casos a mesma calzada. Isto fai que, ao non ter beirarrúas nin beiravías, se reduza o espazo de circulación, co que aínda se acrecentan máis as dificultades existentes para camiñar polas marxes.

A maiores, no entronque das rúa Barreira coa da Ribeira de San Lourenzo, á altura do nº 37, obsérvase no asfalto unha canalización deteriorada que supón un perigo, tanto para o tránsito rodado como para peonil, polo que sería preciso acometer a súa reparación.

Á vista do anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta o seguinte **ROGO**:

Que por parte do Goberno Municipal se dean as instrucións precisas para que se leven a cabo á maior brevidade posible os traballos de roza e mantemento no vial que desde a Corredoira dos Muíños, nas inmediacións da rúa da Carballeira de San Lourenzo, chega ata o rueiro das Figueiriñas, preto da ponte e igrexa do Carme de Abaixo.

Santiago de Compostela, a 2 de xuño de 2017

María Teresa Cancelo Márquez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela